

Declaración das Sabias

O Comité de Sabias da Cátedra de Feminismos da Universidade de Vigo nace para dar resposta a dúas cuestións urxentes. A primeira: identificar cales son os retos da sociedade dixital para que as mulleres accedan a ela en condicións dignas e igualitarias con vontade transformadora. A segunda: definir accións que se deben impulsar para conseguir a igualdade real e efectiva de mulleres e homes no universo dixital.

Debemos reflexionar sobre as causas da exclusión: Como se configura o poder-saber que lexitima os conceptos de tecnociencia e sociedade dixital? Que temas, linguaxe, metáforas, metodoloxías, estilos ou fontes forman parte deses saberes e da súa difusión? Como se pode artellar e difundir unha conceptualización e simbolización alternativa da tecnociencia? É preciso desvelar e desactivar a pegada patriarcal presente en todas as institucións, en todas as disciplinas científicas e, obviamente, na propia sociedade dixital. En definitiva, aquilo que o ciberfeminismo e o hacktivismismo definen como hackear ao patriarcado e amosar a súa asociación co capitalismo.

As mulleres non podemos quedar atrás no futuro que se está construíndo. Teñen que recoñecerse as nosas achegas, que son moitas, e incorporarnos, en maior proporción, á creación de contidos dixitais e ao desenvolvemento de tecnoloxía; e revertir deste xeito os nesgos de xénero na intelixencia artificial, na robótica, no big data, nas *startups* do eido tecnolóxico e científico, etc.

Temos que participar en pé de igualdade, como creadoras, como usuarias e como beneficiarias de produtos e servizos dixitais; para lograr unha representatividade equilibrada en todos os niveis da dirección, creación, e desenvolvemento das tecnoloxías; a través dun liderado colaborativo e dunha participación real na toma de decisións estratéxicas para a configuración da sociedade, na que a tecnoloxía xoga un papel fundamental. É un dereito democrático.

É esencial a presenza das mulleres nos estudos STEM, a súa permanencia e promoción, a formación e sensibilización en perspectiva de xénero nas universidades e nos centros de investigación, a incorporación da dimensión de xénero no desenvolvemento e na transferencia da tecnoloxía e o recoñecemento das investigación en xénero en todas as áreas do coñecemento.

A sociedade dixital non debe distorsionar e nin desprazar as conexións da vida "real", ten que reflectir todos os avances conseguidos no terreno da igualdade; ten que facer visible a interseccionalidade dos feminismos, e ha de mostrar como a desigualdade nos afecta de maneira sumativa desde diferentes categorías que se cruzan: a raza, a etnia, o territorio, a formación, a posición económica e social... A sociedade no seu conxunto ten a obriga de facer do mundo tecnolóxico en xeral e das redes sociais e postos de traballo en empresas ligadas á tecnoloxía, en particular, espazos máis seguros para as mulleres, libres de estereotipos e das múltiples formas de violencia machista existente.

O Comité de Sabias, desenvolverá o seu traballo inspirándose na máxima da profesora Judy Wacjman, experta en xénero e tecnoloxía, que afirma que “se as mulleres non queren acceder a estes espazos, hai que cambialos para que queiran ir”. Baseándonos nesa proposta transgresora e revolucionaria, que opta por deixar de responsabilizar ás mulleres e propón a asunción de responsabilidades como sociedade, trazaremos accións encamiñadas a lograr un futuro dixital en igualdade.